AS LOMBAS

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL:
SALTAR
XOGO CON MATERIAL:
NON

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
AS LOMBAS; montar a mula; apandas; xogo das burras.
XEITO DE XOGO:
Bótanse sortes para escoller un pandote, **que se colocará anicada/o, apoiando as mans nos xeonllos**; o resto colócase en fila de fronte á persoa que panda e irán saltando por orde, por riba, escarranchando as pernas e pousando as mans no lombo, verbalizando as frases que indica a persoa que leva o xogo, á vez que executan a acción que se sinala entre paréntese:
"*Á unha, saltar a mula*" (saltar pousando só as mans).
"*Ás dúas, salto e pégoche un couce*" (saltar e darlle cun pé no cu).
"*Ás tres, a cruz de San Andrés*" (saltar e caer coas pernas abertas e os brazos en cruz).
"*Ás catro, cuada que te parto*" (saltar e dar co cu no lombo do pandote).
"*Ás cinco, maior ou menor brinco*" (saltar adiante ou atrás do lugar onde caera a persoa que manda no xogo).
"*Ás seis, Meis*" (saltar e beliscarlle no lombo).
"*Ás sete, cachete*" (saltar e darlle unha palmada no cu).
"*Ás oito, pan, viño e biscoito*" (saltar, darlle co pé no cu e unha cuada no lombo ao pandote).
"*Ás nove, abre o paraugas que chove*" (saltar, facendo que abren un paraugas namentras van polo aire).
"*Ás dez, estatuas unha e outra vez*" (saltar quedando estáticos ao caer e sen se tocar entre eles).
A persoa que falla pasa a pandar e cando volve xogar faino repetindo a frase e a acción na que fallara
VARIANTES:
Practicar o mesmo xogo, dicindo outras frases e realizando outras accións.
("*Chirlosmirlos, Enciclopedia dos xogos populares*", de Antón Cortizas - Ed. Xerais, nas páxinas 187/188).
MATERIAIS E ESPAZOS:
Non se precisa material, a non ser que se realice en cemento ou algún chan moi duro; neste caso unha colchoneta ou ben outro obxecto para evitar golpes en posibles caídas. Preferiblemente é un xogo de espazos exteriores, abertos e chan de terra ou de herba; pero tamén se pode desenvolver en interiores con chan duro (cemento, madeira ...)

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
Pódese nomear capitáns, que escollen alternativamente ás/aos membros do equipo. O profesorado observará a composición dos equipos, estimando (ou medindo, se é posible) os pesos de cada equipo e tentando equilibrar o balance se é moi amplo.
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
FÍSICAS: forza.
COORDINATIVAS: coordinación carreira con salto.
ADAPTACIÓNS:
POR IDADE/CICLO: a partires dos 9 anos.
POR LIMITACIÓNS MOTORAS OU SENSORIAIS:
RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS:
- Língua: Vocabulario empregado nas frases que se verbalizan ao longo do xogo.

OUTROS XOGOS SEMELLANTES NO MUNDO

A mula de Burriana (Valencia), *Pídola* (Castela), *Andaba la Mula* (A Rioxa) , *Nache* (Andalucía) *Lapte Gros* (Rumania), Bokspring (Holanda), *Springe Buk* (Dinamarca), *Pukkihyppy* (Finlandia), *Saute-Mouton* (Franza), *Cabra cega* (Brasil)...

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA

Deseño: ABANA EVENTOS S.L.